

Convivencia escolar



CURSO PARA O PROFESORADO EN PRÁCTICAS

Maio de 2020
Esperanza López Cordido

INTRODUCCIÓN:

O longo das distintas diapositivas faremos un breve repaso da parte teórica para contextualizar a formación, con enlaces a materiais bibliográficos e videos que podan resultar útiles para a vosa práctica diaria en aula e actividades para desenvolver co alumnado, sempre co obxectivo de traballar para unha boa convivencia no centro

Para facer máis fácil a localización teremos imaxes identificadoras para os contidos:

- **Teóricos**
- **Dinámicas ou actividades para á aula**
- **Videos**
- **Momentos de reflexión**



Contidos a traballar

- Convivencia positiva /competencia social
- Problemas de convivencia nos centros educativos
- Aprendendo a convivir:
 - Que precisa o noso alumnado
 - O noso papel como docentes
- Os conflitos: ocasión de ensinar e de aprender
- Formas de afrontar os conflitos
- Estratexias para a resolución pacífica de conflitos

Falando de convivencia



Se buscamos nun dicionario a palabra **convivencia**:

Dinos que é a **acción de convivir** (vivir en compañía dun ou máis outros). No seu sentido máis amplo, é un concepto ligado á convivencia pacífica e harmónica de grupos humanos nun mesmo espazo.

Si o levamos o terreo educativo a **convivencia escolar** abarca os procesos de relación interpersoal que se xeneran entre os distintos membros da comunidade : profesorado, alumnado, familias, persoal non docente, equipos e/ou entidades externas que colaboran no centro... e o contexto que o rodea . A escola non é unha illa todo o que alí se produce ten relación no entorno e viceversa.

Convivencia positiva



A convivencia non ha de entenderse só como a ausencia de violencia, senón como o establecemento de relacións interpersoais e grupais satisfactorias que permitan contribuir un clima de confianza, respecto e apoio mutuo entre os membros da comunidade escolar (Ortega, 2007)

A convivencia óptima e positiva non é só a ausencia de conflitos, senón o desenvolvemento e mantemento de vínculos interpersoais positivos e saudables.

Nas relacións humanas o conflito é inevitable, ata con quen mellor nos levamos non sempre estamos de acordo, coa familia, coas amistades, con compañeiros/as de traballo... Diríase que convivir supón afrontar e resolver conflitos constantemente. Isto require a súa vez a capacidade de dialogar, de falar expoñendo puntos de vista propios o tempo que se respectan os diferentes e chegar despois a solucións consensuadas , o que precisa un proceso de ensino - aprendize , por eso podemos dicir que o gran reto como persoas é ***aprender a convivir***

Convivencia positiva



Este aprendizaxe vaise construíndo pouco a pouco, o longo de toda a vida, un proceso que se vai producindo en función das experiencias de relacións que vai tendo a persoa como ser social que é.

Despois da familia, nos centros educativos pódense facilitar experiencias positivas de comunicación , para ir construíndo esa convivencia saudable e positiva.

Convivencia escolar como un medio e un fin en si mesmo

Como un medio, a convivencia escolar é unha das variables máis importantes que predice o rendimento académico. Contemplada como un fin en si mesmo, a escola é un espacio onde os alumnos se desenvolven a nivel emocional, cognitivo e social e aprenden a convivir entre o seu grupo de iguais e o resto de membros da comunidade educativa (López 2014)

Traballando a competencia social e cívica para unha convivencia positiva



Competencia social e cívica (LOMCE)

A **competencia social e cívica** refírese ás competencias persoais, interpersoais e interculturais, así como a todas as formas de comportamento dun individuo para participar de forma eficaz e constructiva na vida social e profesional. Esta competencia corresponde ao benestar persoal e colectivo.

É o conxunto de pensamentos, emocións e condutas que se activan cando se inicia e se mantén unha relación interpersoal.

Unha persoa socialmente competente presenta unha axeitada adaptación a cada situación interpersoal (Chen e Frenh, 2008) posto que é capaz de expresar os seus sentimentos, desexos e opinión de maneira adecuada.

Competencia social



Para Bisquerra (2017) as microcompetencias incluídas na competencia social son as seguintes: Competencia social

Dominar as habilidades sociais básicas: a primeira unha boa escoita, despois aprender a saúdar, despedirse, dar as gracias, pedir un favor, pedir disculpas, esperar un turno, manter unha actitude dialogante.

Respecto polos demais: aceptar e apreciar as diferenzas individuais e grupais e valorar os dereitos de todas as persoas.

Practicar unha comunicación receptiva: é a capacidade para atender ós demais tanto na comunicación verbal como na comunicación non verbal para percibir as mensaxes con precisión.

Competencia social



Practicar a comunicación expresiva: é a capacidade para iniciar e manter conversacións, expresar os propios pensamentos e sentimentos con claridade tanto verbal como non verbal

Compartir emocións: non sempre é fácil sobre todo si falamos de emocións profundas, é necesario ter un grado de confianza e un ambiente de seguridade, e saber que é o contexto axeitado para facelo compartir emocións.

Comportamento prosocial e cooperativo: capacidade para realizar accións en favor de outras persoas, sin ser solicitado axuda.

Asertividade: capacidade de expresar os nosos dereitos, opinións e sentimentos o mesmo tempo que se respectan os dos demais.

Competencia social



Prevención e solución de conflitos: é a capacidade para identificar, anticiparse ou afrontar resolutivamente conflitos sociais e problemas interpersoais. Implica a capacidade para identificar situacións que requiren unha solución ou decisión preventiva e avaliar riscos, barreras e recursos. Cando ininevitavelmente se produzcan conflitos, afrontalos de maneira positiva, aportando solucións constructivas o resultado é mellor. A capacidade de negociación e de mediación son aspectos importantes de cara a unha resolución pacífica dos problemas, considerando o punto de vista e os sentimentos dos demais.

Capacidade para gestionar situacións emocionais: é a habilidade para reconducir situacións emocionais en contextos sociais. Trátase de activar estratexias de regulación emocional colectiva.

Reflexionando sobre as relacións que se dan nos nosos centros



Si tiveramos que facer unha análise de como é a convivencia na nosa escola, no noso instituto... empezariámos analizando como son as relacións entre os distintos membros desa comunidade escolar e cales son os problemas en función dos protagonistas:

Coñecendo as dificultades e os problemas é máis fácil **saber o que non funciona para podemos cambiar**

- **Profesorado - Alumnado**
- **Alumnado - Profesorado**
- **Profesorado - Profesorado**
- **Alumnado - Alumnado**
- **Familias - Profesorado / Profesorado - Familias**




**PROBLEMAS DE
CONVIVENCIA NO
CONTEXTO ESCOLAR
EN FUNCIÓN DOS
PROTAGONISTAS**

Profesorado - Alumnado:

- Desmotivación do profesorado
- Falta de respecto ou trato abusivo cara o alumnado
- Problemas para controlar o grupo-clase
- Estrés e malestar docente

Alumnado - Profesorado:

- Incumplimento de normas básicas e indisciplina, disrupción e condutas perturbadoras
- Desmotivación, desinterés e pasotismo escolar
- Condutas impulsivas e negativismo
- Timidez e retraemento



PROBLEMAS DE CONVIVENCIA NO CONTEXTO ESCOLAR EN FUNCIÓN DOS PROTAGONISTAS

Photo by [Feliphe Schiarolli](#) on [Unsplash](#)

Profesorado - Profesorado:

- Malas ou inadecuadas relacións
- Carencia de relacións
- Estrés e malestar docente
- Acoso laboral
- Falta de tempo

PROBLEMAS DE CONVIVENCIA NO CONTEXTO ESCOLAR EN FUNCIÓN DOS PROTAGONISTAS

Alumnado - Alumnado:

- Conflitos interpersonais
- Falta de respecto
- Acoso escolar
- Aillamento e soidade
- Timidez e retraemento
- Inhibición, pasividade
- Rexeitamento e exclusión social...

Photo by Ravali Yan on Unsplash

PROBLEMAS DE CONVIVENCIA NO CONTEXTO ESCOLAR EN FUNCIÓN DOS PROTAGONISTAS

Familias - Profesorado / Profesorado - Familias:

- Carencia de relacións
- Mala transmisión da información
- Malas relacións
- Falta de momentos para falar




Photo by [rawpixel](#) on [Unsplash](#)

Aprendendo a convivir



Como podemos cambiar estos problemas? aquí
algunhas ideas:

Respecto

Actitude positiva

Comunicación

Empatía

Axuda

Autocontrol

Escoita activa

Cooperación

Traballo en equipo



Aprendendo a convivir



Na **Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2015-2020** [educonvives](http://educonvives.gal)

sinálase que:

“O ser humano, cando nace é completamente dependente e necesita dos/as outros/as para subsistir, ese trazo e non outro, distínguenos como seres sociais e emocionais. Sen a convivencia, as persoas non sobrevivirían”

Aprendendo a convivir



Neste senso a convivencia é consubstancial ao ser humano, ata o punto de que é imposible vivir sen ser en relación. Neste senso, o/a neno/a, cando é consciente da súa propia identidade, atopa nas persoas os límites do seu eu, aparecendo os/as outros/as como fronteira e posibilidade. Eses/as outros/as, familia, mestres/as e iguais, participan na formación da súa propia identidade, tanto no conflito como na identificación. Ambos procesos, encontro e conflito, son inevitables, e posibilitan a construción continua da persoa, como parte do mundo social.

Aprendendo a convivir



Jares (2002) sinala que:

“A aprendizaxe da convivencia non se conforma unicamente nos centros educativos, senón que tamén se aprende a convivir, de unha ou outra forma, no grupo de iguais, na familia e a través dos medios de comunicación, fundamentalmente. Ademais destes ámbitos máis próximos aos/ás estudantes e profesorado, tampouco podemos esquecer un ámbito máis macro que ten que ver cos contextos económicos, sociais e políticos nos que estamos inmersos”.


Aprendendo a convivir



O coñecido como “Informe Delors” [Los 4 pilares de la educación](#), estudio da Comisión Internacional sobre a Educación do Século XXI (presidida por Jacques Delors), que se publicou en 1996 por encargo da UNESCO¹, baixo o título: *La educación encierra un tesoro* e que segue a manter a súa vixencia na actualidade, os piares dunha educación para o século XXI son:

aprender a coñecer, aprender a facer, **aprender a vivir xuntos** e, aprender a ser.

Aprender a coñecer



Aprender a facer

**Descubrimento pouco
a pouco dos outros**

**Aprender a vivir xuntos,
aprender a vivir cos
demáis**

**Participación en
proxectos comúns**

ENSINANZA DA NON VIOLENCIA

**APRENDER A
SER**

Aprendendo a convivir



Que precisa o noso alumnado ?:

- modelos
- situacións
- espazos



Aprendendo a conviver



Que precisa o noso alumnado ?:

➤ modelos:

1º modelo de socialiación: **a familia**

2º modelo de socialiación **o colexio** (do que formamos parte como docentes)

3º modelo de socialización: **os iguais**
(moi importante na adolescencia)



Aprendendo a convivir



Que precisa o noso alumnado ?:

➤ Situacións:

Moitas das “competencias” para a vida as aprendemos e entrenamos nos centros educativos, por eso é fundamental **crear situacións** de aprendizaxe e aproveitar as situacións que se producen, por exemplos nos conflitos cotidianos (aprendendo a escoitar, a respectar turnos, a dar a nosa opinión respectando a dos demais...)



Aprendendo a convivir



Que precisa o noso alumnado ?:

➤ Espazos:

O entorno educa coidando:

- o material
- o ruído
- a limpeza
- as sinalizacións
- o mobiliario para traballar de distintas formas
- as cores
- a decoración: expoñendo os seus traballos...



Como é o noso alumnado?



E moi importante saber cales son as características das relacións do noso alumnado según a súa idade.

O noso papel como docentes, será guialos nesas novas aprendizaxes sociais ensinándolles ferramentas e habilidades para saber desenvolverse.

Seremos modelos e as **habilidades sociais poden aprenderse !!!**

- Por **imitación** (o que oímos, o que vemos, o que facemos...
- Por **atención compartida** (capacidade de participar no interés do outro, respondendo a súa mirada, xestos ou linguaxe)

Características das relacións entre iguais

De 2 a 6 anos (INFANTIL)



O principio usan palabras que inciden no comportamento dos outros (vamos xogar a “pillar”)

Dos 3 aos 4 son máis frecuentes actividades non sociais (41% do tempo), comportamento desocupado, observador e xogo en solitario

Dos 3 aos 6 aparece o xogo en paralelo, primeiro xogando cerca doutros nenos, con materiais similares, pero sen intentar influir na actividade dos outros

No nivel máis alto de interacción social hai varias formas:

- Xogo asociativo: actividades separadas pero intercambian xoguetes, comentarios
- Xogo cooperativo: (cara os 6 anos) os xogos entre iguais van dirixidos a metas comúns
- Xogo simbólico



Características das relacións entre iguais



De 7 a 11 anos (PRIMARIA)

Melloran as habilidades de comunicación, tanto para interpretar como para responder ás emocións dos outros

Comezan a comprender mellor os papeis de cada un nas interaccións sociais e tamén as regras dos xogos

Empezan a ter en conta as necesidades dos outros, os distintos puntos de vista

Comezan os xogos da riña como actividade social: pelexas de bromas, carreiras,...

Tendencia a homosociabilidades: xogos cos do mesmo sexo, máis acentuado na adolescencia



Características das relacións entre iguais



Adolescencia

Etapa vital para a adquisición de habilidades sociais máis complexas

A interacción co grupo de iguais ten un papel primordial para a formación da identidade do adolescente. O grupo é agora a institución socializadora por excelencia, permite o adolescente elaborar ideas, experiencias, discutir diferentes puntos de vista e desenvolver relacións de amizade.

A habilidade de comunicarse de forma efectiva cos demais xoga un papel moi importante nesta etapa posto que o grupo de iguais adquire un peso relevante así como, o sentimento de pertenza e o de sentirse aceptado polos demais.

Os adolescentes con habilidades axeitadas teñen máis recursos para entablar amizades, son capaces de resolver os conflitos dunha forma positiva e teñen unha posición favorable para a interacción grupal, recibindo maior apoio e aceptación.

E como somos nós como docentes?



Acabades de iniciar esta profesión como docentes e seguramente foron moitos os camiños que vos levaron ata aquí , todos/as aspiramos a ser bos profesionais; **reflexionemos uns minutos?**:

Pensa nalgún/has docentes que te impresionaran , os/as máis significativos/as para ti, os/as que máis pegada te deixaron.

Pensa nas súas cualidades máis destacables, o que máis te impresionaba de ellas (sempre referido a cualidades, valores, ideas, actividades positivas)

ESOS SON OS DOCENTES OS QUE TODOS ASPIRAMOS A SER !!!!

algúns exemplos de xente famosa que fala dos seus profesores

Tres estilos de profesorado (Brophy e Good)



- 1. Proactivo:** inicia e mantén a estrutura das interaccións, expectativas flexibles e precisas para adaptar a educación á diversidade, anticipase aos conflitos para previlos, con recursos eficaces para o comportamento disruptivo.
- 2. Reactivo (pasivo):** expectativas flexibles para adecuar as súas reaccións ás condutas dos alumnos, estes controlan o esquema das interaccións na clase. Non compensan nin incrementan as diferenzas. Limítanse a reaccionar aos conflitos. Ilusión do trato igualitario.
- 3. Sobre-reactivo:** expectativas ríxidas, tratamento moi discriminatorio, risco de efectos negativos das súas expectativas, forte orientación ao dominio.

Os docentes: axentes de cambio



Por donde empezaremos a ser ese docente a quen admiramos?


1º Aprender a mirar o noso alumnado: as súas características, os seus intereses, coñecelos...deben saber que nos importan.

2º Sempre con respecto e cunha actitude positiva

3º Límites e normas clara con afecto

4º Sabendo escoitar

5º Sabendo transmitir coñecementos máis alá de contidos teóricos




Os docentes non se poden substituír por máquinas!!! e nesta situación que vivimos é palpable.


O NOSO PAPEL COMO DOCENTES

**Los buenos profesores son aquellos que
se usan como puentes para invitar
a los alumnos a cruzar al otro lado.**

-Nikos Kazantzakis




A Tarefa Educativa



ROL




***AUTORIDADE E
LÍMITES***



APRENDIZAXE



ALUMNADO HOXE



GRUPO



EQUIPO

A DIVERSIDADE DOS CENTROS É UN VALOR

As miñas
aspiracións
os meus desexos
os meus sonos

Que me interesa
que me motiva
que me gusta

Como me sinto

Como aprendo
mellor



Os meus
coñecementos
previos

Coñece o meu nome

As miñas
necesidades que
son unha barreira
para min na escola

As miñas
capacidades
Que se me da ben

Cómo é a miña vida
fora do centro
A miña familia

Algunhas notas a ter en conta:

ATENDER OS DISTINTOS MOMENTOS DO NOSO ALUMNOS/AS

- Inicio de curso
- Alumnado novo, alumnado que se vai
- Mezcla de grupos
- Ante un conflito
- Despois de vacacións
- Momentos persoais de cada un
- Microdós (nacemento dun irmán e sentirse desplazado/a, separarse dun amigo/a...)




Algunhas notas que a ter en conta:

- Dende principio é importante coidar o clima de aula, por exemplo a principios de curso con algunhas actividades de presentación , pensa que “para sentirse ben debemos saber que formamos parte do grupo”.
- Coidar a linguaxe que utilizamos no día a día : **evitar as “palabras tóxicas”**, ex: “*esto non sirve*” **por** “*si te esforzar esto pode estar moito mellor e ti podes*”
- Facelos partícipes da vida da aula e do centro, podemos empezar coas normas de clase
- Coidar os momentos para falar e escoitarnos
- Valorar os pequenos logros e saber propoñer cambios de mellora
- Facerlle ver que son parte dun todo (da clase), ensinalles a traballar en equipo cada quen co seu rol (as **técnicas de aprendizaxe cooperativo** son unha gran axuda



A roda: e ti porque te chamas así ?



O obxectivo desta dinámica é preparar un clima de aula favorable, somos un grupo e empezamos a coñecernos; en forma de roda todos se ven a cara e de forma ordenada van contando o orixen do seu nome, é divertida e nos permite ir sabendo máis de cada un/ha.

Eu me chamo así por? (podemos pedirlle que investiguen, pregunten antes na casa)



Os conflitos: ocasión de ensinar e de aprender



Nos centros educativos danse o longo do día, do tempo, moito tipo de relacións, algunhas positivas e outras non tanto, pero todas son ocasións de aprender e de ensinar. As veces nos parecen que os programas “a la carta” para traballar na prevención ou na intervención de conflitos son a única solución pero hai cousas do día a día que son máis sinxelas de aplicar e permiten o alumno/a “proveelos”*de estratexías, recursos, habilidades para axudalos a convivir de xeito positivo.

Aprender a escoitar, a ser empáticos, a ser asertivos ...pode facerse en calquera situación que se dá no día a día dunha clase.

***Provención**: significa proporcionar ás persoas e grupos as habilidades necesarias para afrontar os conflitos. A provención difire da prevención de conflitos, xa que o seu obxectivo non é evitar conflitos senón aprender a afrontalo.

Aprendendo/ ensinando algo sinxelo que axuda a convivencia




Chegamos/ marchamos	saudamos/ despedímonos
Recibes axuda	agradece
Fixeches algo mal	pide disculpas
Tes	comparte
Queres que te respecte	repecta
Non sabes facelo	non critiques a quen o fai

PROTAGONISTAS

Profesorado

Alumnado

Familias



Pessoal non docente



O conflito versus a disciplina



- O conflito é un feito natural, consubstancial á vida.
- O conflito non ten que ser necesariamente negativo
- Distinguir entre agresividade, como tendencia necesaria para encarar a vida, e as agresións ou manifestacións violentas desa agresividade
- A disciplina é inherente e necesaria a todo proceso educativo, pero propugnamos unha disciplina democrática

O conflito versus a disciplina




- o conflito é necesario e positivo tanto para o crecemento das persoas como das organizacións.
- O conflito é un proceso social que implica algún tipo de incompatibilidade ou percepción de incompatibilidade
- A disciplina democrática é a que está rexida polos valores e procedementos democráticos, esencialmente o respecto, o diálogo e a negociación
- Consensuar as normas de convivencia debe ser un obxectivo e unha estratexia fundamental para favorecer unha boa convivencia

CAUSAS

- IDEOLÓGICAS
- RELACIONADAS CON PODER
- CUESTIONES PERSONALES




OLLO CON PERCEPCIÓN




Enseñé mi obra de arte a las personas mayores y les pregunté si mi dibujo les daba miedo.

—¿por qué habría de asustar un sombrero?— me respondieron.

Mi dibujo no representaba un sombrero. Representaba una serpiente boa que digiere un elefante. Dibujé entonces el interior de la serpiente boa a fin de que las personas mayores pudieran comprender. Siempre estas personas tienen necesidad de explicaciones. Mi dibujo número 2 era así:



Todo depende do “ollos co que se mire”



Qué e o que vemos?



- Vemos un home maior coa man no peito ou vemos unha muller e un home mexicanos e un can no chan?
- Vemos unha muller xoven ou a unha muller maior?



Como nas ilusións ópticas, nun conflito tendemos a ver o problema só dende o noso punto de vista!!

Todos perciben o mesmo?




Que inflúe en nos?



Os **SENTIDOS**, as **EMOCIÓNS** e os **SENTIMENTOS** poden facer que percibamos de forma diferente as causas dun conflito

Oue vemos?



Que inflúe en nos?



Ao igual que nas ilusións ópticas, nos conflitos **deixámonos influir polo contexto**, polos **rumores** e polas “películas” que nos montamos nós cando non temos toda a información.

A historia de Carapuchiña contala polo lobo




El bosque era mi hogar. Yo vivía allí y me gustaba mucho. Siempre trataba de mantenerlo ordenado y limpio.

Un día soleado, mientras estaba recogiendo las basuras dejadas por unos turistas sentí pasos. Me escondí detrás de un árbol, y vi venir una niña vestida en una forma muy divertida: toda de rojo y su cabeza cubierta, como si no quisieran que la vieran. Andaba feliz y comenzó a cortar las flores de nuestro bosque, sin pedir permiso a nadie, quizás ni se le ocurrió que estas flores no le pertenecían. Naturalmente, me puse a investigar. Le pregunte quién era, de dónde venía, a dónde iba... a lo que ella me contestó, cantando y bailando, que iba a casa de su abuelita con una canasta para el almuerzo.

Me pareció una persona honesta, pero estaba en mi bosque cortando flores. De repente, sin ningún remordimiento, mató a un mosquito que volaba libremente, pues también el bosque era para él. Así que decidí darle una lección y enseñarle lo serio que es meterse en el bosque sin anunciarse antes y comenzar a maltratar a sus habitantes.

La dejé seguir su camino y corrí a la casa de la abuelita. Cuando llegué me abrió la puerta una simpática viejecita, le expliqué la situación. Y ella estuvo de acuerdo en que su nieta merecía una lección. La abuelita aceptó permanecer fuera de la vista hasta que yo la llamara y se escondió debajo de la cama.

A historia de Carapuchiña contala polo lobo



Cuando llegó la niña la invite a entrar al dormitorio donde yo estaba acostado vestido con la ropa de la abuelita. La niña llegó sonrojada, y me dijo algo desagradable acerca de mis grandes orejas. He sido insultado antes, así que traté de ser amable y le dije que mis grandes orejas eran para oírla mejor.

Ahora bien, me agradaba la niña y traté de prestarle atención, pero ella hizo otra observación insultante acerca de mis ojos saltones. Ustedes comprenderán que empecé a sentirme enojado. La niña tenía bonita apariencia, pero empezaba a serme antipática. Sin embargo, pensé que debía poner la otra mejilla y le dije que mis ojos me ayudaban para verla mejor. Pero su siguiente insulto sí me encolerizo. Siempre he tenido problemas con mis grandes y feos dientes y esa niña hizo un comentario realmente grosero.

Sé que debí haberme controlado, pero salté de la cama y le gruñí, enseñándole toda mi dentadura y diciéndole que eran así de grande para comerla mejor. Ahora, piensen ustedes: Ningún lobo puede comerse a una niña. Todo el mundo lo sabe. Pero esa niña empezó a correr por toda la habitación gritando y yo corría detrás de ella tratando de calmarla. Como tenía puesta la ropa de la abuelita y me molestaba para correr, me la quité, pero fue mucho peor. La niña gritó aún más. De repente la puerta se abrió y apareció un leñador con un hacha enorme y afilada. Yo lo miré, y comprendí que corría peligro, así que salté por la ventana y escapé.

A historia de Carapuchiña contala polo lobo



Me gustaría decirles que este es el final del cuento, pero desgraciadamente no es así. La abuelita jamás contó mi parte de la historia y no pasó mucho tiempo sin que se corriera la voz, que yo era un lobo malo y peligroso. Todo el mundo comenzó a evitarme.

No sé qué le pasaría a esa niña antipática y vestida de forma tan rara, pero si les puedo decir que yo nunca pude contar mi versión. Ahora Ustedes ya lo saben.




Que inflúe en nos?



Ante a información incompleta o cerebro tende a interpretar a información á súa maneira, inventando cousas, enchendo ocos..

Deixámonos levar por interpretacións suxectivas da realidade que alteran a nosa visión das cousas.

Estilos de afrontar os conflitos



fonte: elaboração Marian Rego . Adaptação de Thomas Killman

Formas de afrontar os conflitos



1. A forma agresiva

- A túa opinión é a que vale e non hai máis.
- Atacas á outra persoa. Insúltala ou descualificas.
- Menosprezas as opinións das demais persoas.

O aparentemente bo desta forma: En principio mostrarse agresivo pode levarte a conseguir o que queres e saírte coa túa nun primer momento

O malo desta forma: Teranche medo, quizais che dean a razón pero non porque a respecten, só por medo. A longo prazo non só evitarán dialogar contigo, senón que tamén evitarán relacionarse contigo.

Formas de afrontar os conflitos



2. A forma pasiva:

O O bo desta forma: O conflito resólvese case de inmediato. Porque enseguida dás a razón á outra persoa, polo que non pode haber conflito se as dúas partes estades de acordo.

- Cedes demasiado.
- Non tes en conta a túa propia opinión.
- As túas opinións non son válidas.

O malo desta forma: Non expresas as túas opinións. As túas ideas desvanécense e non saen á luz. A longo prazo poida que non se che teña en conta para tomar decisións, total farás o que diga a maioría ou o máis forte. Pero lembra que non conseguirás os teus obxectivos e os teus desexos na maioría das veces.

3. A forma asertiva:

O bo desta forma: Tes máis posibilidades de lograr os teus obxectivos. As túas relacións cos demais mellorarán. Sentiraste mellor contigo ao saber que podes expresarte sen temor “ao que dirán”. Percíbete con recursos persoais para superar as túas dificultades.

- Respectas a opinión da outra persoa (aínda que non esteas de acordo) e a túa propia.
- Céntrate nos feitos. Evitas poñer cualificativos á outra persoa.
- Se é posible tentas atopar unha solución para ambos.

O malo desta forma: É máis laboriosa, require un esforzo pola túa banda. Necesitarás aprender certas habilidades (se non as tes xa) e ás veces terás que armar de paciencia, por exemplo para discutir cunha persoa que utiliza a forma agresiva

Técnicas de Resolución Pacífica de conflictos



fonte: elaboración Marian Rego.

XUÍZO

Outorgáselle a un terceiro o poder total da decisión ou da resolución do conflito (por ex: decide xefatura de estudos ou dirección sin consultar)



A ARBITRAXE

A arbitrase é similar a un xuízo, no sentido de que é un terceiro quen decide sobre o caso que se lle presenta e as partes aceptan esa decisión (por ex: decide xefatura de estudos ou dirección preguntando o que pasou)

CONCILIACIÓN



É un medio de resolución de conflitos, polo cal unha terceira persoa (conciliadora) asiste ás partes para que poidan, mediante o diálogo, resolver as súas diferenzas, podendo propoñer alternativas de solución, que poden ser aceptadas ou rexeitadas polas partes (por exemplo: ante un conflito de aula o titor/a pregunta, escoita e fai escoitar as partes e toman unha decisión)

MEDIACIÓN



Jares (2006)

“un procedemento de resolución de conflitos que consiste na intervención dunha terceira parte, allea e imparcial ao conflito, aceptada polos disputantes e sen poder de decisión sobre os mesmos, co obxectivo de facilitar que as partes en litixio cheguen por si mesmas a un acordo por medio do diálogo”

(por ex: alguén alleo ao conflito axuda na resolvelo, un profesor/a encargado da mediación, alumnado formado, orientador/a)


A NEGOCIACIÓN




A negociación é un acto da vida, de feito as persoas negocian aínda cando non se decatan de que o están facendo. É algo cotián, habitual e consiste en chegar a un acordo con alguén acerca de algo de interese común

“a negociación é un proceso mediante o cal as partes involucradas nun conflito buscan solucións alternativas e satisfactorias de acordo aos seus intereses e sen menoscar os intereses do outro (paradigma gañar – gañar)”

Que está pasando?



Cooperar ou competir?



CONCLUÍNDO.....Como acostumamos a tratar os conflitos?

Tempo fóra da aula

Redacción de comunicacións/partes de incidencias...

Entrevistas coa Xefatura de Estudos e/ou Dirección

Privación dos períodos de lecer

Entrevistas no Departamento de Orientación

Poñer tarefas extras.

Asistencia a aula de convivencia

Privación asistencia a determinadas clases

Privación asistencia ao centro de menos de tres días.

Apertura dun procedemento corrector.

Privación asistencia ao centro de ata 30 días.

etc....

FAVORECE A CONVIVENCIA POSITIVA????

POLO TANTO.....É PRECISO TRABALLAR EN.....

**PREVENCIÓN
+
PROVENCIÓN
+
INTERVENCIÓN**

E ASÍ O PREVÉ A NORMATIVA

PLAN DE CONVIVENCIA E NOFC

O P.E.incluirá o Plan de Convivencia

integrará o principio de **igualdade entre mulleres e homes**

Establecerá, sobre a base dun **diagnóstico previo**, as necesidades

os **obxectivos** e as **directrices básicas de convivencia**

as **actuacións**, incluíndo a **mediación na xestión dos conflitos**

Conterá **actuacións preventivas**, reeducadoras e correctoras

ELABORA: Comisión de convivencia ou Equipo Directivo
APROBA: Consello Escolar e Dirección

Axentes responsables da convivencia escolar



Artigo 4.

1. **Todos os membros da comunidade educativa** son axentes responsables da convivencia escolar nos termos establecidos neste decreto e participarán na elaboración, no desenvolvemento, no control do cumprimento e na avaliación do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro
2. A **comunidade educativa no seu conxunto** velará pola aplicación daquelas medidas que vaian encamiñadas a fomentar o respecto ás diferenzas, entre elas, a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Determina as funcións de cada un dos órganos dos centros

Consello Escolar

Comisión de
convivencia

Equipo
Directivo

Claustro

Órganos de coordinación
docente

Documentos e recursos complementarios



Exemplo de ferramenta para análise de necesidades no ámbito da convivencia

DAFO	OPORTUNIDADES (factores externos favorables) <i><u>Orixen externa.</u> Contexto</i>	AMEAZAS (factores externos desfavorables) <i><u>Orixe Externa.</u> Contexto</i>
FORTALEZAS (características favorables) <i><u>Orixe interna.</u> Centro Educativo</i>	<i>Como podo aproveitar as oportunidades do entorno e as fortalezas do propio centro</i>	<i>Como podo aproveitar as fortalezas do centro para minimizar as ameazas do contexto</i>
DEBILIDADES (Carencias e limitacións) <i><u>Orixe interna.</u> Centro Educativo</i>	<i>Como podo aproveitar as oportunidades do entorno para minimizar as debilidades do centro</i>	<i>Que podo cambiar, tranformar para facer fronte as ameazas do contexto e as debilidades do centro</i>



Estrategias para
a resolución
pacífica de
conflictos




A CONVIVENCIA TRASCENDE AO
ENTORNO
Proxectos de ApSS
Comunidades de aprendizaxe

3

FORMACIÓN E DESEÑO DE ACCIÓNS QUE
MELLOREN A CONVIVENCIA

Formación en resolución pacífica de conflitos e técnicas
Habilidades para a vida
Educación Emocional
SAI
Outras: Aulas de convivencia inclusiva

2



CREACIÓN DUN CENTRO QUE TRABALLE EN E PARA A
CONVIVENCIA

Clima positivo
Convivencia positiva
Normativa
Documentos de centro

1



Por onde empezar??



CREACIÓN DUN CENTRO QUE TRABALLE EN E PARA A CONVIVENCIA



Clima positivo
Convivencia positiva
Normativa
Documentos de centro

1

1. Creación dun clima positivo e dun centro que eduque en e para a convivencia



2.AMBIENTE PSICOLÓXICO

Atmosfera agradable

Ambiente acolledor

Clima de seguridade

Clima de xustiza



3.TODOS OS TEMPOS EDUCAN:

Entradas e saídas: participación do alumnado, actividades e espazos diversos, puntos de encontro, utilización de espazos de tranquilidade, coidado do espazo,...

Tempos entre clases: romper coas rutinas, portas abertas, ...


Recreos: patios inclusivos, activos e dinámicos, proxecto recreo, diversidade de xogos para todos e todas, ...



4.TODAS AS PERSOAS EDUCAN:

Información, formación, colaboración de persoas adultas (persoal non docente, colaboradores,... comisións de barrios,...recursos da comunidade,...)

Estratexias metodolóxicas: grupos interactivos, aprendizaxe colaborativo e cooperativo,...



5.RELACIÓNS INTERPERSOAIS DE CALIDADE:

Dinámicas de relación.

Alumnado-axudante.

Círculos de amigos/as.

Espazos e tempos para a comunicación

6.LIÑAS EDUCATIVAS CLAVE, estilo educativo de centro (organización e actitude de toda a Comunidade educativa):

- ★ **Acoller á diversidade, o respecto á diferenza.** (todos/as teñen que sentirse valorados, recoñecidos, respectados, ... curricular e afectivamente).
- ★ **Acollemento de novos membros da Comunidade Educativa.**
- ★ **Celebrar o éxito de todos/as.**
- ★ **Propiciar a autonomía**
- ★ **Impulsar o diálogo, a comunicación**
- ★ **Favorecer a actitude de axuda, colaboración, apoio**



7. CLIMA DE PERTENZA, SENTIDO DE GRUPO:

- ★ A escola, a aula que soñamos (A escola de paz, democrática,...). Asunción das finalidades da escola.
- ★ Asunción de responsabilidades na escola.
- ★ Dinámicas e proxectos de cohesión de grupo. Identidade de grupo: positiva e non excluín-te. Participación en accións colectivas.
- ★ Representación do grupo, da escola, fora do centro (ensinamos o noso centro, representamos ó noso centro)

8. XESTIÓN DEMOCRÁTICA da aula e do centro.

REPARTO EQUITATIVO
DE
RESPONSABILIDADES

ELECCIÓN PLANIFICADA
DE
REPRESENTANTES

9. PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO (para recibir información, opinar, decidir, actuar).

Círculos de convivencia, asembleas, dinamización das xuntas de delgada/os

10. METODOLOXÍAS E AVALIACIÓNS diversas e que melloran a convivencia:

- ★ Aprendizaxe colaborativo e cooperativo.
- ★ Aprendizaxe entre iguais.
- ★ DUA (diseño universal de aprendizaxe)
- ★ Aprendizaxe dialóxico.
- ★ Grupos interactivos.
- ★ Avaliación auténtica. Autoavaliación e coavaliación

11.DAR A PALABRA ÁS FAMILIAS

para saber se o seu fillo/a se sente ben na escola, na aula, favorecendo a súa participación activa, a súa implicación no centro, dándolles espazos e tempos para compartir.



12 HABILIDADES COMUNICATIVAS, EMOCIONAIS E SOCIAIS DO PROFESORADO

Favorecendo a formación en **técnicas de comunicación positiva**, en **educación emocional e en habilidades sociais** que favorezan tanto o seu propio desenvolvemento persoal coma o traballo e a interacción co alumnado e demais membros da comunidade educativa

TIPOLOGÍA DE LOS ESTILOS EDUCATIVOS SEGÚN MACCOBY Y MARTIN			Afecto y Comunicación	
			Alto	Bajo
			Afecto y Apoyo explícito, aceptación e interés por las cosas del niño y sensibilidad ante sus necesidades	Afecto controlado y no explícito, distanciamiento, frialdad en las relaciones, hostilidad o rechazo
Control y Exigencias	Alto	Existencia de normas y disciplina, control y restricciones de conducta y exigencias elevadas	Autoritativo	Autoritario
	Bajo	Ausencia de control y disciplina, ausencia de retos y escasas exigencias.	Permisivo	Negligente

EDUCAR PARA A CONVIVENCIA POSITIVA



Sistemas de Axuda/apoio entre iguais

QUE SON?



Son estruturas organizadas na rede da escola , supervisadas por persoas adultas da comunidade educativa , nas que participa o alumnado de xeito autónomo, co fin de axudar aos seus iguais, e que pode ser de diferente índole ou complexidade , segundo a idade , a intención ou a necesidade.

(Avilés 2017)

CARACTERÍSTICAS

- O alumnado é protagonista da xestión da convivencia
- Son sistemas supervisados por persoas adultas
- Son sistemas sostibles, que se manteñen no tempo
- Son visibles e recoñecidos pola comunidade
- Búscase un liderado compartido
- A finalidade é acompañar no desenvolvemento socioemocional e moral dos e das iguais

TIPOS (Avilés 2017)


SAI	
ACOLLIDA	Acoller a alumnado menor, dar a benvinda, compartir amizade tempo, apoio,...mellorar a convivencia
AXUDA	Precisan de habilidades previas xa que teñen que ser capaces de proporcionar axuda a quens teñen problemas
MEDIACIÓN	Interveñen en situación de conflitos entre iguais
TITORÍA	Céntranse máis no académico, no rendemento e na aprendizaxe
MENTORÍA	Guía, supervisión, modelaxe e facilitación, tanto na parte académica como nos aspectos persoais e relacionados cos valores , o desenvolvemento moral, a obtención de metas persoais en niveis escolares inferiores

Alumnado de Acollida Apadriñamentos Tutoría de pares Tutoría entre iguais Mentoría entre iguais Cibermentoría, etc

Outras estratexias para a mellora da
convivencia

AULA DE CONVIVENCIA E ATENCIÓN EDUCATIVA

- Non debe ser un “aula de castigo”
- Ben Planificada, con “protocolo de uso” no marco do Plan de Convivencia
- Contar co acordo do Claustro
- Participación de todo o profesorado
- Definir quen, como, cando e en que condicións
- Funcións moi claras



NAVEGACIÓN SEGURA E RESPONSABLE

Moitos dos conflitos que se producen nos centros educativos (sobre todo en secundaria) xorden do uso da Rede

A Rede é un espazo natural no que o noso alumnado se desenvolve, aprende, interacciona, establece relacións,

Temos a obriga de formarnos e de formar ao alumnado no uso seguro e responsable da Rede (tit 10.Art.83 L.O.3/2018)

Pero.....Como facelo???

[Plan Director](#)


[Programa de cibercooperantes INCIBE](#)

[Is4kids](#)

[Guías navegación segura AEPD](#)

[UNIDADE ESPECÍFICA PARA EDUCACIÓN PRIMARIA is4kids](#)

[UNIDADES PARA EDUCACIÓN SECUNDARIA](#)



A CONVIVENCIA TRASCENDE AO ENTORNO

Proxectos de ApSS
Comunidades de aprendizaxe

3

Proxectos de Aprendizaxe e Servizo Solidario (ApSS)

É unha metodoloxía dentro das correntes innovadoras de hoxe en día, dado que nos ofrece contextos nos cales adquirir as competencias clave.

Na aprendizaxe-servizo o alumnado identifica na súa contorna próxima unha situación con cuxa mellora se compromete, desenvolvendo un proxecto solidario que pon en xogo coñecementos, habilidades, actitudes e valores

As características máis salientables:

- participación activa do alumnado, servizo solidario.
- supón atender a necesidades reais e sentidas pola comunidade
- planificación intencionada cara a este fin solidario tendo en conta a idade e as capacidades dos e das protagonistas.

PROMOVE A APRENDIZAXE DE.....

Competencias básicas: activa o exercicio de todas as competencias do currículo, con énfase na competencia social e cidadá e na iniciativa e autonomía persoal

Valores e actitudes prosociais: estimula o esforzo, a responsabilidade e o compromiso solidario

Habilidades para a vida: Fortalece as destrezas psicosociais e a capacidade de participar na vida

TRASCENDE DO CENTRO Á COMUNIDADE

Na Aprendizaxe-Servizo o alumnado identifica na súa contorna unha necesidade social, ambiental, cultural... coa que conecta e se sensibiliza .

Pasa á acción e comprométense a mellorar algunha situación, desenvolvendo un proxecto solidario do cal senten protagonistas.

Todo iso pon en xogo coñecementos, habilidades, actitudes e valores.

Por iso o Aprendizaxe-Servizo é un proxecto educativo con finalidade social a partir do cal os centros educativos transcenden á comunidade e contexto no que se atopan.

RECURSOS

[Hacia el Aprendizaje servicio solidario. Gobierno de Navarra](#)

[Revista convives número 16](#)

[Guías APSS Zerbikas](#)



Comunidades de aprendizaxe e/ou Grupos Interactivos Mixtos

Que son??

Un modelo educativo baseado nos principios e prácticas de inclusión, igualdade e diálogo, teñen por obxectivos a transformación social e educativa.

As **Comunidades de Aprendizaxe** implican a todas as persoas que de forma directa ou indirecta inflúen na aprendizaxe e o desenvolvemento do alumnado, incluíndo a profesorado, familiares, amigos e amigas, veciños e veciñas do barrio, membros de asociacións e organizacións veciñais e locais, persoas voluntarias, etc.

Grupos interactivos

Caracterízanse por ser unha organización inclusiva do alumnado na que se conta coa axuda de máis persoas adultas ademais do profesor ou profesora responsable da aula. Deste xeito, lógrase evitar a segregación e competitividade que se xera ao sacar ao alumnado etiquetaxe como “difícil” ou “lento” da aula para aplicarlle adaptacións curriculares e que deu lugar a un aumento do fracaso escolar (especialmente do alumnado segregado) e de conflitos. Pola contra, nos grupos interactivos lógrase desenvolver, nunha mesma dinámica, a aceleración da aprendizaxe para todo o alumnado en todas as materias, os valores, as emocións e sentimentos como a amizade

Realízanse na aula agrupacións heteroxéneas en canto a nivel de aprendizaxe, xénero, cultura, etc. de alumnos e alumnas. En cada grupo realízase unha actividade concreta curta de tempo mentres unha persoa adulta (voluntaria, familiar, outro profesorado ou profesional doutro ámbito) titoriza o grupo asegurando que traballen a actividade e que se desenvolva aprendizaxe entre iguais

Comunidades de aprendizaje. Andalucía

Comunidades de aprendizaje Gobierno Vasco

Comunidades de aprendizaje. Instituto Natura



Para rematar

Que podemos fazer a nível individual....?



Algumas ideias

- Toda conduta **ten tres compoñentes:**
 - **Pensamentos**
 - **Emocións**
 - **Actitudes e comportamentos**

Se so nos fixamos no último o único que imos facer é tentar **CONTROLAR** as condutas negativas e, **en ningún caso, conseguiremos modificalas.**

- Para mellorar/modificar temos que traballar os **pensamentos e as emocións.**

- 1.- Ter en conta que a **conduta** é unha **cuestión social** e, polo tanto, **convén traballala en grupo** e non de xeito individual.
- 2.- Convén observar as condutas individuais, **analizar as razóns** polas que se producen e **as consecuencias** que acostuman a ter, para poder abordalas de xeito reeducador.
- 3.- **Coidar a imaxe de todas as persoas do grupo** (se amoestamos individualmente e en público en moitas ocasións reforzamos as condutas negativas)

Hai moitas formas para traballar os pensamentos (consecuencial, alternativo, causal, de perspectiva, diverxente) pero podemos traballar o pensamento a partir dun esquema moi sinxelo:

- **AS 3 R**

- REFLEXIONA
- RECOÑECE
- REPARA

Tamén funciona pedirlle ao alumnado que se poña en situacións similares que teñan certa proximidade é realidade

QUE PASARÍA SE.....?

LAS 3 ERRES

Herramienta para la
Resolución de Conflictos



RECONOCER



RESPONSABILIZARSE



REPARAR

Xeralmente un comportamento disruptivo implica unha **chamada de atención**, se damos unha resposta automática estamos reforzando esa conduta negativa:


- Convén non entrar en desafíos.
- Falar co alumnado de xeito individual
- As amonestacións en público poden ser interpretadas ou consideradas como humillacións e poden romper a conexión que teñamos co alumnado


Traballar **as emocións**


Cando ti.....eu síntome.....

Ideas

- Calquera intervención ten que ser **sistemática e prolongada** no tempo: Se decidimos actuar temos que facelo sempre e non desistir, con accións puntuais non melloraremos nada.
- **Que o urxente** (controlar a conduta) **non nos faga esquecer o importante** (temos que traballar a conduta para poder modificala).
- **Modificar condutas leva moito tempo**, polo tanto debemos ser conscientes de que inda que apreciamos que melloran, é fácil que volvan a aparecer aqueles comportamentos que xa se producían.
- **É importante darlle ao alumnado un protagonismo en positivo**, é dicir, aproveitar os seus talentos e facer que os empreguen na aula.

- 
- Na maioría das ocasións as condutas negativas proveñen de que **non coñecen outra forma mellor de comportarse**, polo que é importante **ofrecerlle alternativas**.
 - Xeralmente se damos ordes directas, asumen que estamos sendo persoas agresivas na comunicación(e en moitas ocasións é o que teñen aprendido e contra o que queren revelarse) **funciona mellor empregar o condicional**Poderías sacar os libros, poderías tentar non interromper xa que estamos tentando escoitarnos,..


- 
- En ocasións, sen pretender facelo, **estamos transmitíndolle ao alumnado cales son as nosas expectativas negativas** sobre o seu futuro. Se non teñen expectativas positivas, non teñen nin interese nin motivación.
 - Temos que ser conscientes de que **somos modelos e referentes** para o alumnado, o noso xeito de comunicarnos, de achegarnos,.., vai condicionar o xeito en que elas e eles o fagan con nós, se non existe conexión e influencia positiva non nos considerarán nin aprenderán o mesmo.

- 
- Unha actuación que soa funcionar é empregar **“contratos de conduta”** ou **compromisos de comportamento**, escritos e asinados, aos que poidamos recorrer cando a conduta volva a manifestarse.
 - Outra técnica é a **“economía de fichas”** ou emprego de puntos para acadar “recompensas”.
 -

Para traballar co alumnado

A continuación mostramos un breve anexo de como podemos traballar os conflitos co noso alumnado (adaptando según as idades)

Con pautas, un breve guión (adaptado de J. Torrego e o equipo de mediación e tratamento de conflitos de convivencia da UAH) e algúns exemplos prácticos




ANTE OS CONFLITOS

PAUTAS DO QUE **SI FUNCIONA**:

TRATAR ÁS PERSOAS COMO TE GUSTARÍA QUE TE TRATASEN A TI:

- Pensa antes de actuar e actúa cando estés en calma
- Senón se te ocorre que facer, busca consello dun amigo/a ou dun adulto próximo (por ex: o/a titor/a)
- Cando teñas claro que facer, utiliza o diálogo para buscar ca outra persoa unha solución positiva para as dúas partes. O conseguirás con pactos, acordos e compromisos...
- Senón o consigues, solicita axuda
- Si ves que alguén o está pasando mal, ofrecelle axuda




ANTE OS CONFLITOS

PAUTAS DO QUE **NON FUNCIONA**:

TRATAR ÁS PERSOAS COMO TE GUSTARÍA QUE TE TRATASEN A TI:

- Fuxir sempre dos conflitos non funciona, é mellor afrontarlos porque tarde ou temprano, a fuxida e a pasividade acaban facéndote crer que ti non podes, que non sabes, que non vales... (si te resulta difícil pregunta como podes facelo, as veces necesitamos prepararnos antes)
- Non respondas como fai o/a que causa o conflito, si non te gusta como o fai non o fagas ti igual
- Calarse non funciona. É mellor falar cando algo nos está afectando e non nos gusta. Expresao con calma e sempre con respecto.

Guía para analizar un conflito




Resume en poucas palabras, como si fora o titular de prensa

1. PROTAGONISTAS : Quenes son os protagonistas ?
2. POSICIÓNs: que esixe e reclama cada parte?
3. RELACIÓN: que relación teñen entre eles/as? (pouca/moita, confianza/desconfianza, amizade/hostilidade...)
4. COMUNICACIÓN: Falanse con facilidade?, insultanse?, xa hai rumores sobre o conflito?
5. PROCESO E MOMENTO DO CONFLITO: cando empezou?, canto tempo leva?, en que situación se encontra?, que outros factores están influíndo?
6. EMOCIÓNs E SENTIMENTOS: como se sente cada parte?
7. INTERESES/NECESIDADES: que lles interesa resolver fundamentalmente?, que pide e que necesita cada parte?
8. POSIBLES SOLUCIÓNs: que propón cada parte para resolvelo?

HABILIDADES PARA APRENDER A COMUNICARNOS





PRIMEIROS PASOS PARA COMUNICARNOS BEN

FALO E ESCOITO (dende o que ves ou escoitas, non creas rumores)

1. Mantén unha boa linguaxe corporal ...
2. Escoita activamente!. ...
3. Non te queixes constantemente. ...
4. Pregunta se non entendes qué te están decindo. ...
5. Reflexiona. ...
6. Usa o EU e evita o TI. ...
7. Se concreto. ...
8. Fai cumpridos.



BREVE REFLEXIÓN PARA REMATAR

A EDUCACIÓN NON CAMBIA O MUNDO ,
CAMBIA ÁS PERSOAS QUE VAN CAMBIAR O
MUNDO

(Paulo Freire)

Hai na natureza un exemplo de desenvolvemento e crecemento que nos pode axudar a pensar nas nosas vidas e nos que nos rodean.



O bambú xaponés é un caso extraordinario e ensínanos unha lección importante. Cando un cultivador planta unha semente da árbore, non crece inmediatamente. Nin sequera crece nas próximas semanas.

Non importa canto o regas ou o pagas. O bambú non medrará ese ano. Tampouco nas seguintes. Porque tarda sete anos en sacar o bambú a superficie.

O cultivador inexperto pensará que a semente está morta. Ou que o seu coidado durante as primeiras semanas non foi o adecuado. Pero pensar deste xeito é un erro. Porque o bambú necesita 7 anos de coidado para aflorar.

Durante eses 7 anos o bambú xera as súas raíces, encárgase da enerxía necesaria para crecer. Porque despois dese período, a árbore crecerá 30 metros en só 6 semanas.

Despois de 7 anos preparando o chan, fortalecendo as súas raíces e xerando todo o necesario para o seu crecemento, o bambú sae á superficie para parecer sa e forte.

O bambú non tardou 6 semanas en crecer. Pero 7 anos e 6 semanas. E o coidado que lle prestaron durante ese tempo permitiu que a árbore crecese.

Como na educación, as veces para ver os resultados temos que esperar!!!!

BENVIDOS/AS A ESTA PROFESIÓN

ecordido@edu.xunta.es